

# Fronda


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 35

ano 6

xullo-agosto 2011

## 75 anos do inicio da Guerra Civil O ARQUIVO DAS JAP DE OURENSE



O 18 de xullo de 1936 iniciábase o episodio máis trágico da Historia de España. O fracaso parcial do **golpe de Estado** urdido contra a **2ª República** por unha parte das forzas armadas desencadeou unha cruenta **guerra civil** (1936-1939) na que venceu o “bando nacional” comandado polo **xeneral Franco**. A confrontación non só se librou nas trincheiras senón que na retagarda foi perseguido todo o que se identificaba como ideoloxicamente afín ao bando contrario. Esta **violencia política** segou moitas vidas e atacou os símbolos que eran asociados cos valores do inimigo.

O 3 de agosto de 1936 a aviación republicana bombardeou a **basílica do Pilar de Zaragoza**, un dos lugares máis emblemáticos da España católica, pero as bombas non chegaron a estoupar. Na “zona nacional” isto interpretouse como un milagre e organizáronse diversos actos de desagravio á Virxe do Pilar. As **Juventudes de Acción Popular (JAP)**, que tiñan esta advocación mariana por patroa, encargáronse da organización do acto celebrado en Ourense o 5 de agosto. Ao día seguinte repartiron unhas follas voantes, como a que se reproduce na imaxe, nas que se agradecía a asistencia ao dito acto e se exaltaban os ideais que defendían as **JAP**, -“España una, justa e imperial”-, ide-

ais que compartían coas demais forzas que apoiaban a sublevación.

As **JAP** eran a sección xuvenil de **Acción Popular**, partido presidido por **José Mª Gil Robles**, líder da coalición dereitista católica **CEDA** (*Confederación Española de Derechas Autónomas*). Esta coalición fora a forza política máis votada nas **eleccións de 1933** e sostivo parlamentariamente aos gobernos do bienio comprendido entre decembro dese ano e febreiro de 1936. Na provincia de Ourense, Acción Popular foi liderada por **Carlos Taboada Tundidor** ata 1935, data do seu falecemento, e a partir dese momento por **Benito Blanco-Rajoy Espada**.

O fondo das **JAP** (1934-1937) aporta información sobre os anos de preguerra e os dous primeiros da Guerra Civil, un período con escasa representación documental no AHPOu.

1936, agosto, 6. Ourense

Folla voante das **JAP** de Ourense agradecendo a participación dos ourensáns no acto de desagravio á Virxe do Pilar.

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 155 x 220 mm.

AHPOu. *Juventudes de Acción Popular (JAP)*, caixa 14703.

## As JAP de Ourense

As JAP foron fundadas en 1932, pero a agrupación de Ourense non se creou ata 1934. Esta agrupación, vinculada a **organizacións católicas** de grande arraigamento e influencia na capital e a súa provincia, foi presidida ata a súa disolución polo avogado **José Pérez Ávila**. Baixo o lema "Religión, Familia, Patria, Orden, Trabajo y Propiedad" foron estendéndose e creando comités locais en distintos municipios da provincia.

Procuraron recrutar os seus membros entre os mozos das **elites sociais**, co que, xunto ao seu profundo catolicismo, marcaban diferenzas cos militantes de *Falange Española*, menos elitista e abertamente fascista. Esta foi unha das debilidades das JAP, xa que nos anos 30 do século XX, no contexto do auxo dos fascismos europeos e no ambiente de crecente crispación política da España de preguerra, aos mozos de dereitas resultáballes máis atractiva *Falange* que as JAP.

Por iso, aínda que as JAP se desmarcaron inicialmente dos métodos violentos de *Falange*, tras a derrota das dereitas nas eleccións de febreiro de 1936 tamén experimentaron un proceso de "paramilitarización" que os achegou ao fascismo; se ben, máis na indumentaria e na simboloxía (camisas pardas, brazaletes, insignias coa cruz negra, correaxes ...) que no xeito de actuar. Despois do levantamento de 1936, ese proceso desembocou na creación de "**Milicias de la JAP**" como forza de apoio ás tropas sublevadas e, xunto con falanxistas e requetés, foron armados e coordinados polos militares. Aínda así, mantiveron unha estrutura de mando propia cunha xefatura nacional e xefaturas provinciais e locais. Tras a publicación do **Decreto de Unificación** do 19 de abril de 1937, polo que se fusionaba a falanxistas con requetés e se disolvían as restantes organizacións dereitistas aínda subsistentes, as Milicias das JAP foron absorbidas pola Milicia Nacional do partido único *Falange Española Tradicionalista y de las JONS*.

## O fondo das JAP no AHPOu

A pesar do reducido volume da documentación das JAP que se conserva no AHPOu –outra parte custódíase na Biblioteca da Deputación Provincial-, a súa información é unha valiosa fonte para o estudo da organización da dereita ourensá nos últimos anos da 2ª República e nos primeiros da guerra. Así, nos **libros de actas** -cunha cronoloxía que vai desde o momento da súa fundación en 1934 ata o mes de xaneiro de 1936- reflíctense as actividades nas que participaron os *japistas* e seus conflitos internos. Tamén se conservan **listaxes de socios** e listaxes de voluntarios alistados nas milicias das JAP unha vez que se declarou a guerra.

Non obstante, a documentación de maior interese é a **correspondencia**, tanto a de época prebélica (na que se tratan asuntos políticos de ámbito local e cuestións internas do partido), como a concernente aos dous primeiros anos da guerra. Esta última, máis abundante e de maior interese, revela como ata o Decreto de Unificación as Milicias das JAP funcionaron como organización política, aínda que sometida á autoridade militar. Durante ese período Pérez Ávila, como xefe provincial

das JAP de Ourense, mantivo contacto postal co líder de Acción Popular, **Gil Robles**, residente en Estoril (Portugal) desde o principio da guerra.

Pero a maior parte da correspondencia recibida ten unha finalidade máis operativa, relacionada coas **tareas organizativas**, de propaganda, e de intendencia das milicias: recrutamento de voluntarios e provisión de víveres e avituallamento (alimentos, uniformes, calzado, armas, medicamentos...) aos *japistas* destacados en distintas fronteas bélicas.



Carta remitida polo xefe das Milicias das JAP da Coruña a José Pérez Ávila, xefe provincial das JAP de Ourense. A Coruña, 27 de marzo de 1937. AHPOu, JAP, caixa 14703

Neste grupo de cartas pódense establecer dous subgrupos: a) as cartas remitidas polos xefes locais das JAP de distintos concellos ourensáns sobre recrutamento, abasto de víveres para a fronte, uniformidade, etc., así como sobre cuestións das actividades dos *japistas* na retagarda (instrución, vixilancia da fronteira con Portugal ...); b) as remitidas polos órganos nacionais das Milicias das JAP con instrucións para as xefaturas provinciais, e as enviadas polos xefes doutras provinciais da "zona nacional".

Por último, consérvase un conxunto de cartas de especial interese remitidas polos *japistas* ourensáns desde a **fronte** que son testemuños directos dos sucesos bélicos (ás veces, verdadeiros partes detallados das operacións militares) nos que tamén dan as súas impresións sobre a marcha da guerra e manifestan cales son as súas necesidades máis perentorias.

A través desta correspondencia é posible seguir os avatares das JAP no contexto bélico. Tamén revela as tensións e malestar que produce nos *japistas* a prepotencia de *Falange*, así como as estratexias para facer máis visible a contribución das JAP na guerra, moi eclipsada por falanxistas e requetés. Por último, apréciase o desengano e desconcerto que lles causou o **Decreto de unificación**, xa que supuña a disolución das milicias das JAP e de todo o seu aparato político. En definitiva, esta documentación é un testemuño moi vivo daqueles dramáticos acontecementos.